

O PASO QUIM

SUPLEMENTO DE HUMOR DO NOVAS DA GALIZA - NÚMERO 2 - AGOSTO / SETEMBRO 2007



PESTINHO 41

Turismo canibal

De umha página web turística española: «Hierba, percebes, catedrales, olas, senderos, pazos, balnearios, magia...

Te damos 8 razones para descubrir Galicia, tú pones los cinco sentidos. Disfrútala!. (...) Su Verde: Galicia es sinónimo de minifundio, de autarquía, de deliciosas huertas con tres perales sin sulfatar y un limonar cargado de abejas. (...) Sus ritos: Imagínate una manada de caballos salvajes buscando la brisa en una hilera de acantilados cubiertos de niebla. Imagínate a cien paisanos trasquilando sus crines doradas al calor del vino, la protección de la naturaleza y el sonido de las gaitas. (...) El viaje a esta esquina del norte pasa por una ruta gastronómica. ¿Quién no recuerda don Camilo José Cela haciendo de embajador de las viandas gallegas en un famoso anuncio televisivo? Aviso: Recuerda que dentro de tres años todos estos caminos estarán más cerca del camino de tu casa, cuando el Ave una Galicia con Madrid en dos horas».

De umha página web turística (supostamente) galega:

«La bella, verde, mágica, indescriptible, encantadora, gastronómica... Galicia. Un lugar maravilloso y mágico donde te puedes perder un fin de semana, una semana, o para siempre. Galicia es un

encantador destino turístico de viajes por sus tradiciones, paisajes, clima... y su poca "saturación" en comparación a muchos lugares de España. Destino predilecto por mucha gente para viajar, que busca su cultura, gastronomía, su clima amable en verano, su verde, sus gentes, sus escondidos lugares y playas».

De um blogue turístico portugués:

«A península de Finisterre, completa de areais e dunas, alberga a vila "marinera" com o mesmo nome. Na antiguidade estava considerada como um mito, quando as tropas de Décimo Júnio Bruto, ficaram queimadas debaixo desse sol "al rojo vivo", diante de um mar imenso, ilimitado e desconhecido - daí vem o seu nome de "Fim de la Tierra".

O povo é constituído por pescadores, com um interessante igreja românica que guarda o Cristo de Finisterre. O pôr do sol foi "sentimental", com uma grande assistência de visitantes, os quais, quando o sol se pôs bateram palmas, como se de um filme se tratasse.

Filmámos e fotografámos a cena e depois do seu terminus, ainda tivemos tempo para comprar uns postais da zona e um "recuerdo" para decorar a AC (um pequeno marneiro em louça)».

"BIENVENIDO A GALICIA, WELCOME TO SPAIN" (A Banda de Poi)

LITTLE ATLANTIC HORSE MACKEREL

FUCKERS



GO HOME!



PEREGRINOS

Ademos de Campo de Goma

REINO: DE DIVERSOS REINOS, E REPUBLICAS.

CLASSE: MAIS BEN POLCA

ORDE: TURISTAS

FAMILIA: ADOTAN TRAEIA

YENERO: AMBOU

ESPECIE:

HABITAT: CATEDRAL DE ANTINHO E RUAS DO ARREDOR

ALIMENTACION: MARISCOS BARATO E OCATA'S, RIBEIRO CHUNGA, ROMA MINERAL

COMIC NON SUBVENCIONADO POLO XACOBO

NADA. ANDAN 500 KILOMETROS CARA AÍ. E ALÍ A TENEN (A DE BURGOS HO-HO-HOOO!)

OIGAAA! É UTÉ D'AQUÍ? LA CATEDRÁ??

SON A ICONA MAIS COÑECIDA DO XACOBO. CON ESO ESTÁ TODO DITO. ME CAJO NA ÍDEM! HIPS!

MERQUEN UN CD DA TUNA! PARA AXUDAR A PAGAR A RESIDENCIA!

A UNIVERSITARIA?

A XERIÁTRICA SENORITA

QUEREN HABITACION? A 20 EUROS CADA UN. COLLEN ATÉ CINCUENTA!

PERGRALIA GÓVENS GRIN EN CRISTA

HISTORIA OS PEREGRINOS FORON DOS PRIMEIROS TURISTAS QUE HOUBO. E HAI DEZ SÉCULOS XA LLES PASABAN AS MESMAS COUSAS QUE AOS DE AGORA. SEGUNDO CONTA O CÓDICE CALIXTINO...



De como o taurineiro Joseph de Sta Comva cobrou mais de gámbentos maraueñises ao canaleiro por unha ración de marisco podre e un vinno 'Marones de Coes'. e o canaleiro cabeceiase máis, mais dielle o taurineiro que sorte ha o canaleiro que aínda se non inventou o congelador, e que se non haría de llo servir congelado, e aínda cobrarlle la mais maraueñises e máis lina.

DESPOIS DE SÉCULOS DE DECADENCIA. MENTES PRECLARAS INVENTARON O 'XACOBO' COA SÚA MASCOTA 'PELEGRÍN' ACASO A MÁIS FEA DA HISTORIA.

HOLA! QUERES SER O MEU AMIGO?

MAMAAA! O COCO!

ASILO DE MASCOTAS

PEREGRIN XA NON ESTÁ CON NÓS. PERO SERÁ LEMBRADO POLA SÚA CONTRIBUCIÓN ÁS ANUAIS INVASIÓNS DE PEREGRINOS

HOLA. QUERES SER O MEU AMIGO?

VNI AO CARALLO! ENFERMEIRA! MÁIS VODKA CON LARANXA!

TIPOLOXIA OS QUE FAN UN BON TREITO DO CAMINO SON CASE INOFENSIVOS. AO CHEGAR ESCARALLADOS. APENAS AMOLAN OS QUE NON O FAN OU O FAN DESDE MELIDE EN ADIANTE SON OS PERIGOSOS. DISTINGUENSE CUNHA SIMPLE INSPECCIÓN OCULAR

FIXO O CAMIRO

NON FIXO O CAMIRO

FAMOSO 'PE DE PEREGRINO'

EQUIPO COMPLETO MERCADO NUN TODO A CEN

USOS E COSTUMES PREGUNTAR COMPULSIVAMENTE POR RUAS E ENDEZELOS AO PRIMEIRO INDÍXENA QUE ATOPEN

ÉJ USTÉ NATI-VO?

COMO LLE DIXEN AOS 37 ANTERIORS. POIS SÍ

DETERIORAR O ENLOUSADO FACENDO TXALAPARTA COAS PONTAS METÁLICAS DOS SEUS CAXATOS...

TRANQUETE! TRANQUETE! TRONC!

MERCAR PRODUC- TOS E SOUVENIRS TÍPICOS

QUANTO M'HA DICHO?

45'90.FOR SER PA USTÉ 46.FERO É MOT BON

QUÉ BARA- TO. E ADEMAIS CASEIRO!

COMO A TEMIBLE GAITA DE XOGUETE!!!

CÓDIGO ALFA! NENO GAITEIRO!! SOLICITO PERMISO PARA ABATELO!

Piiii PIRULLIIIIII

REPETIR ABSURDOS RITOS COMA DAR CABEZADAS CONTRA DETERMINADAS PEDRAS

ABRAZAR AO SANTO...

APLAUDIR O BOTAFUMEIRO

GUARPO!

PARA DAR CASTANAZOS. OS DO MEU 'PUEBLO'. AINDA QUE PARTAMOS A CRISMA. 'RIDIELA'.

UN RESPETO. SENORA QUE NON SON A VIRXE DA MACARENA!

OUTRA! OUTRA! OLE! ARSA BRAVO!

DESPRAZARSE EN MANADAS OU ENXAMIOS QUE ARRASAN TODO AO SEU PASO

SOCCORO

PEÑA LOS MARISCOS

XUSILA DO GUNDBLUS!

SOVENS CRISTIANO!

CRISTO

TRABUCARSE SEGUIDO

ESTA É A COLA PARA ABRAZAR O SANTO?

NON! ESTA É PARA COMER NA 'CASA MANOLO'

E SER ESTAFADOS EN DIVERSOS ESTABLE- CEMENTOS DISPOSTOS A TAL EFECTO...

RESTAURANTE LOS SOBRIÑOS DEL VALDVBRÉS

QUE PEDIR A 'MARISCADA DO TURISTA' SEN PRE- GUNTAR PREZO!

BOLUDO!

TIMADORES! 500 EUROS POR UNHA TAPA DE BERBERECHOS E UN MARQUÉS DE COES!

CONCLUSION

TEN INTZADO TANTO ESTA ESPECIE NOS ULTIMOS ANOS QUE A SÚA EXPANSIÓN ESCAPA A CALQUERA CONTROL. SÓ UN MIRAGRE PODERÍA REDUCILA A CIFRAS TOLERA- BLES PARA O ECOSISTEMA LOCAL.

CONDANADOS GUIRIS SARRASENOS!

É USTÉ D'AQUÍ?

FOTO! FOTO!

CLICK

Cosmopolitas e cosmopaletos

Olá, sou *madrileño*, assim com *eñe*, chamo-me Cristóbal e atendendo ao pedido do amigo Séchu Sende vou expor a minha história como excepção que confirma a regra. Pode ser que me engane, mas pelas referências que tenho depois de 15 anos a veraneiar na Galiza, devo ser o primeiro madrileño que fala galego.

A motivação que me levou a falar galego nom foi ideológica, nem cultural, nem social... Nom, foi umha motivação também excepcional: eu comecei a falar galego por razons gastro-nómicas. Explico-me.

Os primeiros Veraos na Rias Baixas descobrim que quando entrava num bar ou restaurante acompanhado de amigos galegos – ou galegas –, no momento de pedir, um deles levantava a mão e dizia-me: «Sssh, tu cala, que já pido eu». E claro, pedia. Um pincho de tortilha, ou uns choquinhos ou umhas xoubas ou o que fosse.

Ao princípio pensei que se tratava de umha questom de boa educaçom, mas depois comecei a compreendê-lo, especialmente quando cheguei a botar-lhe umha olhadela ao tique da conta. Por isso as primeiras palavras que dixem em galego fôrom: «um café com leite, por favor». E desde aquela descobrim que a diferença entre pedir *un café con leite* com sotaque de Móstoles e pedir um café com leite com sotaque de Ribeira podia ser de 50 céntimos. E nom digamos nada da minha surpresa quando comecei a deixar de pedir em castelhano as nécoras e os percebes!

Nom tardei em dar-me conta de que um madrileño a falar galego é cousa inaudita neste país e graças à minha capacidade para imitar os sotaques e traços dialectais. Se estou em Mogia, por exemplo digo «a chuleta com mutas patacas, por favor», como se fosse dali de toda a vida. Conseguim

alviscar essa Galiza que contados veraneantes madrilenos pudérom ver nunca. Aliás, cheguei a compreender os muitos significados que a palavra madrileño tem neste país e que os meus vizinhos os fodechinhos nem podem imaginar.

Quando Aznar eliminou as iniciais das matrículas dos carros sentou-me bem, porque o vou negar? Era a forma mais rápida de deixar de ser um fodechinhos motorizado. A mim pessoalmente a matrícula dava-me vergonha... Tenho um colega em Boiro que, entre Junho e Setembro, quando vê um carro a fazer umha manobra irregular, como coar-se-lhe rapidamente na praça que estava aguardando para arrumar o carro, di em voz mais ou menos alta, segundo as circunstâncias, «madrileño tinhas que ser», ainda que na matrícula nom apareça já o M da capital de Espanha e o carro seja do Porrinho ou de Lalim.

Os madrilenos sempre nos gavamos de que Madrid é a capital da gente cosmopolita. Cousa curiosa pois, segundo as definições do dicionário, cosmopolita vem significar «que se considera cidadão de todos os países» ou ainda «que se acomoda aos usos estrangeiros». Enfim. Aseguro-vos que, salvando as excepçoms, – já dixem antes que nem todos os madrilenos somos iguais – Madrid é a capital dos cosmopaletos.

Os cosmopaletos nom aprendêrom a dizer «bom dia» ou «chamo-me Tal», ou «tens lume?», ainda que levem vinte anos a veraneiar na Galiza, porque ainda continuam a pensar que o galego é um dialecto e a Galiza umha regiom da Espanha. Os cosmopaletos contam chistes de cataláns tacanhos, bascos brutos e galegos parvos. Os cosmopaletos roubam berberechos nas praias e quando lhes chamam a atençom dizem que «o mar é de todos». Para os cosmopaletos só há

umha cousa melhor que comer barato no Verao, que é comer de graça numha festa gastronómica. Os cosmopaletos normalmente só falam espanhol, idioma que como todo cosmopaleto sabe, *hablan muchísimos millones de personas en el mundo*.

Quando um cosmopaleto viaja a Portugal tem complexo de superioridade, e quando vai à França, de inferioridade. O cosmopaleto sempre acaba dizendo «yo es que soy cosmopolita» ou «una cosa es la libertad y otra el libertinaje» ou «a los catalanes y a los vascos había que...», porque os cosmopaletos sempre se esquecem, intencionadamente, dos galegos. Para os cosmopaletos a Galiza nom é o país onde nom vivem os galegos, nom, para os cosmopaletos *Galicia* é um lugar onde vivem *galeguíños*, assim, com *eñe*. E *galeguíñas*, claro.

Enfim, volvendo ao meu caso pessoal. Quero despedir-me, como bom madrileño, depois de todo, levando a contrária a Castela, que escreveu aquela frase de «Yo no siento la necesidad de hablar gallego!» – Porque essa necessidade nom se sente no bاندulho». Nom. Ponho-me como exemplo de que algum dia os madrilenos descobrirám a necessidade de falar galego quando venham comer e botar a sesta à Galiza, para que o marisco lhes saia um pouco mais barato.

Claro que antes tenhem de aceitar dar o passo de se fazerem passar por galegos no momento de pedir no bar ou no restaurante, cousa que de um ponto de vista antropológico implica mudar a *castiza* chularia pola enxebre humildade – se continuamos a falar com tópicos –, cousa abofé difícil para os madrilenos que continuam a pensar que veraneiam *en provincias* e que os galegos somos simplesmente paletos de segunda. Porque o cosmopaleto madrileño joga em primeira divisom.



PESTINHO +1



PESTINHO +1



PESTINHO +1



GONZALO




SUSO SANMARTIN e PESTINHO +1

Galiza, destino completo

Galiza debruça-se sobre o oceano Atlântico e o mar Cantábrico com dois mil anos de história. Percorrer estas terras *do noroeste de Espanha* permite viver uma aventura singular cheia de tradição, frondosas paisagens e cidades ímpares.

(www.turgalicia.es)



pestinho '07



PESTINHO +1

O PAQUIM

EDITA
MINHO MEDIA S.L.

IMAGEM CORPORATIVA
Bruno Ruival

COLABORAM NESTE NÚMERO
Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín,
Pestinho +1, Séchu Sende

FECHO DE EDIÇÃO
15-08-07

SUPLEMENTO PATROCINADO POR

COORDENAÇÃO
Xico Paradelo

MAQUETIÇÃO
Gerardo Uz

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLARÍA DE CULTURA
E DEPORTE

As opinións expresadas nos artigos non representan necesariamente a posición do periódico. Os artigos e os quadros son de libre reprodución respectando a ortografía e citando procedencia.